

Concello de Viveiro

EXPTE.- 5312/2021

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 191, de 20 de agosto de 2021, publicase a convocatoria aprobada pola Alcaldía deste Concello, polas que se inicia o proceso selectivo para a selección de persoal temporal mediante a modalidade de funcionario interino, de un técnico en turismo, con cargo á subvención outorgada segundo a resolución de 02 de agosto de 2021 da Axencia de Turismo de Galicia, para a contratación dun traballador non incluído no cadro de persoal do Concello, rematando o período de nomeamento como data límite o 30 de setembro de 2021.

Vistas as bases xerais, específicas e anexo polas que se establecen as normas que rexerán a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro na oficina de Turismo, con cargo á subvención outorgada segundo a Resolución de 02 de agosto 2021 da Axencia de Turismo de Galicia.

Vistas a base 7.3, que sinala “(...)Transcorrido, no seu caso, o prazo indicado no punto anterior, aprobarase por Resolución da Alcaldía a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no procedemento selectivo. A aprobación desta lista definitiva suporá a estimación ou desestimación das subsanacións presentadas polos aspirantes excluídos. Esta lista definitiva será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital.

Ao mesmo tempo procederase por Resolución de Alcaldía á designación dos membros do Tribunal e suplentes, que tamén será publicada nos mesmos medios, para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular no seu caso recusación...”

Vista a base 8.1, que sinala “(...)Todos os membros do Tribunal deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación...”

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o e o artigo 21.1.g da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear aos membros do Tribunal Cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE:

Titular: Don Antonio Pernas Pérez, Administrativo do Concello de Viveiro.

Suplente: Dona María Luz Balsa Rábade, Secretaria Xeral do Concello de Viveiro.

VOGAIS:

Titular: Dona Lucía Míguez López, Traballadora Social do Concello de Viveiro.

Suplente: Dona Encarnación Casas Polo, Administrativo de Secretaria do Concello de Viveiro.

Titular: Don Eduardo Otero Pardo, Técnico de Informática do Concello de Viveiro.

Suplente: Dona Beatriz Vale Conesa, Profesora do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.



Concello de Viveiro

Titular: Don José Antonio Álvarez Neira, Director do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.

Suplente: Don Luis Rodil Fernández, Profesor do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.

SECRETARIO:

Titular: Don Jose Vivero Russo, Xefe de sección de contratación do Concello de Viveiro.

Suplente: Dona María Del Carmen Vale González, Xefa de Negociado de Estadística do Concello de Viveiro.

SEGUNDO.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na Sala de Multiusos deste Concello de Viveiro na data **Xoves, 26 de agosto de 2021, ás 08:30 horas** para a súa constitución e lista de admitidos e excluídos.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,
do Real Decreto 128/2018.

Ante min, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

